

AO DIRETOR XERAL DA CONSERVACION DA NATUREZA DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

CHARO SANCHEZ PARGA, [REDACTED], con enderezo aos efectos de notificacións en R/Touro, 21-2º, 15704, Santiago de Compostela, en nome e representación do SINDICATO LABREGO GALEGO, en calidade de Responsable da Secretaria de Medio ambiente, Terra e Montes do mesmo comparezo e **MANIFESTO** por medio do presente escrito as seguintes reivindicacións e medidas a tomar na problemática da fauna salvaxe

Exposición de motivos:

Reiteramos que o sector agrario e gandeiro non debe de seguir sendo o que cubra os custes e as perdas que derivan do mantemento da fauna salvaxe. A conservación da mesma ten que recaer no conxunto da sociedade coma patrimonio natural que é da mesma e non nas explotacións agrogandeiras do país.

Entendendo que trala cidadanía atopase a Administración, solicitamos en consecuencia da mesma con carácter urxente :

A modificación da lei de caza de Galiza de cara ao articulado referente a responsabilidade dos Tecores consonte o artigo 6º e o artigo 23º da mesma lei que os responsabiliza na xestión e nos danos, pasando a ser a Administración directamente a responsable da conservación da fauna salvaxe

Solicitamos :

A ampliación do termo de fauna salvaxe para incluír especies que están a causar estragos nas explotacións como son corzos, corvos, coellos e voitre leonado entre outros (as axudas só contemplan o lobo e o xabaril) de xeito cas explotacións afectadas podan acollerse as indemnizacións..

As axudas deben de contemplar **os danos colaterais** que sofren as explotacións, tratase do lobo ou outra especie que afecta o sector gandeiro (estres dos animais, abortos, lucro cesante, veterinario/a....) como nas explotacións agrarias (sementeira, gasóleo, tempo de reposición dos cultivos, perda de materia prima para o autoconsumo da explotación....) coellos (perdas nas producións forestais ou vitivinícolas..).

O feito de sufrir un ataque na explotación **non debe de supor reducións ou impedimentos** a hora dos compromisos a cumprir en calquera ámbito administrativo exemplo: retirada de puntos de animais no período de retención de cabezas ou diminución da superficie cultivada.

A comunicación dos danos axilizarase burocraticamente de cara as explotacións polo que serán as canles administrativas as encargadas de comunicalo a tódolos organismos necesarios.

No mentres non sofre modificacións a lei de caza, **a Administración ten que intervir e supervisar os tecores** . que teñen que responsabilizarse e indemnizar aos afectados/as polas perdas da fauna nos seus territorios. Supervisando o **cumprimento dos plans de xestión** de especies cinexéticas e o control das poboacións.

Aproveitamos para transmitir a gran inquedanza que nos produce a **proliferación e incidencia de enfermidades coma a brucelose ou a tuberculose** promovidas pola contaxio da fauna salvaxe (corzos, cervos..) os animais das nosas explotacións

As axudas por ataque no gando ou perda de colleita deben de **contemplar o pago anticipado das mesmas** xa que a supervivencia das explotacións pode estar directamente vinculada a mesma por mor do alto índice de perdas e o lucro cesante.

Polo tanto, propoñemos á Consellería de Medio Rural: **unha modificación da Orde de axudas que contemple expresamente a posibilidade de conceder pagos anticipados.**

Solicitamos a Administración **que modifique as regulacións necesarias de cara a retirar a obrigatoriedade da recollida de cadáveres nas zonas de difícil acceso así** como desenvolver normas que permitan adaptadas as noso territorio, **como no caso dos muladares en Estremadura, facilitar alimento a fauna salvaxe**

1º AXUDAS PREVENCIÓN

Que se contemplen nas ordes de ataque e prevención **o sector porcino extensivo** como as explotacións de porco celta.

Debe ser prioritaria **a investigación e posta en marcha de proxectos pilotos** de aplicación dos diferentes sistemas de prevención e control

Nas axudas a prevención debe de asegurarse que tódalas explotacións afectadas cobran e son contempladas.

Que se faga **unha revisión do plan de xestión do lobo** e as incidencias reais no territorio galego, elaborando de ser o caso, un novo anexo dos concellos declarados zona 1, na que se inclúan tódolos concellos afectados por ataques.

As cantidades estipuladas para calquera dos sistemas de prevención non cobre o custe do mesmo que debería de ser o obxectivo. Se ditas axudas para prevención establecéronse coa intención de incentivar actuacións nos

gandeiros **ditas axudas teñen que ser a fondo perdido** e non supor ningún custe para as explotacións.

Deben habilitarse liñas que respondan a outros beneficios para as explotacións como **unha compensación anual polo mantemento da biodiversidade** e o medio natural.

Deben de habilitarse liñas de axudas anuais para as explotacións sitas nas zonas catalogadas como lobeiras e nas zonas onde se recollan datos continuados por mor de perdas por xabaril ou outras especies.

AXUDAS PALIAR DANOS LOBO / XABARIL

No importe das axudas tense que **contemplar a totalidade dos custes do servizo veterinario** incluída a eutanasia do gando post-ataque ..

Reiteramos a demanda de eliminación do carácter decrecente das axudas nas explotacións “reincidentes”, **e solicitamos aclaracións sobre o significado e que baremos se usan para definir** “unha negligencia intencionada na actuación dos gandeiros/as”.

A cantidade máxima fixada para os danos do xabaril por explotacións (1200 €) na maioría dos casos non cobre nin os custes e perdas que supón para a explotación..

Solicitamos:

Eliminar a limitación de 1ha que marca a orde de xeito que se poda contemplar a totalidade da perda das explotacións.

As medidas recollidas no anexo IV da orde para paliar os danos do xabaril deben de ter necesariamente para a obriga do seu cumprimento responsabilidades reais e definidas, entendendo que ao día de hoxe **dita responsabilidade debe ser exercida polos tecores e supervisada pola Administración.**

Santiago de Compostela, 24 de Febreiro do 2010

Asdo.

Charo Sanchez Parga

Responsable da Secretaria de Medio ambiente, Terra e Montes